

DANZA GALEGA

Durante moitos anos o canto e o baile constituíron a única diversión da sociedade na que a maior parte do pobo era campesiño. Por isto, moitas tarefas como a fiada, a sementeira,..., especialmente aquelas que se realizaban de modo colectivo, eran amenizadas por pezas que servían aos mozos para cortexar ás mozas casadeiras. Nestas improvisadas festas en paleiros e alpendres non faltaban a comida, a bebida, nin por suposto a música e a danza.

A danza que xurdiu en Galicia foi a muiñeira e pouco a pouco foron chegando a xota e o fandango, traídas polos campesiños que saían para traballar a outras zonas da Península. Co paso do tempo chegarían diversas danzas importadas de Europa como o valse, a polca, a mazurca,... coas que comeza a producirse un contacto entre os dous membros da parella ao bailar, xurdindo así outro xeito de danzar ao que chamaremos “agarrado”.

Nas distintas comarcas cada danza adopta múltiples variantes. Estas fóronse herdando de vellos a novos desde hai séculos, sen quedar plasmadas de forma escrita ou audiovisual dunha forma “normativa”, polo que a súa aprendizaxe en profundidade é moi complexa. Algúns estudiosos e agrupacións de baile acoden ás distintas vilas galegas “de recollida”, a aprender estas danzas dos nosos maiores.

A música soe estar representada por un corpo de gaitas que consta da gaita galega, o bombo, o tamboril e a pandeireta.

A indumentaria coa que se interpretaban estes bailes na súa orixe dependía do contexto no que estes se desenvolvían, así como da posición social e económica das xentes. Distinguimos dous tipos de traxes:

- Os de cotío ou faena
- Os de gala, dunha maior calidade nos tecidos e riqueza dos adobíos e complementos. Estes vestíanse nas romarías e nas festas (aninovo, reis, San Xoán, nas vodas, etc.).

DANZA GALEGA

A MUIÑEIRA

É o baile máis representativo da cultura galega, que se interpreta con rapidez e axilidade nos pés e se toca en compás de 6/8. A súa orixe é discutida, pero comunmente afírmase que foi nos muíños, onde as mulleres que traballaban alí danzaban mentres agardaban a que se moese o millo. Para algúns estudosos é un baile de asimilación recente, non habendo testemuños escritos anteriores ó século XIX.

Na súa orixe atopamos a **muiñeira vella**, danza na que principalmente se lucía o mozo, amosando a súa axilidade e forza, cos seus saltos, mestres que a muller permanecía sumisa e coa mirada baixa, executando pasiños curtos.

Máis tarde xurdiría a **muiñeira nova**, interpretada por un maior número de parellas e con grandes desprazamentos no espazo, na que os mozos e as mozas amósanse máis abertos nas súas formas e movementos.

A estrutura musical, composta de **copla** e **volta**, reflíctese na danza a través de dúas partes diferenciadas, unha danzada en parella (os puntos) e outra en roda (picados u paseos). O mellor bailador, sempre un home, exerce a figura de guía, marcando os movementos de forma máis ou menos improvisada. O resto do grupo repite a secuencia proposta varias veces, mentres dure a parte da copla. Durante a volta da melodía, o grupo realizaba paseos ou picados en roda ou aspa (*tablóns*), executando repetidamente os movementos propostos polo guía.

Na actualidade a muiñeira séguese a interpretar moito, tanto de forma improvisada en seráns e festas, como en exhibicións e actuacións, onde a compoñente improvisada desaparece.

Coñécense distintas variantes da muiñeira, como poden ser: a ribeirana, a regueifa, a redonda, a pandeirada, o contrapaso, a carballesa,...

DANZA GALEGA

A XOTA

A chegada de novos bailes traídos da Península trouxo un cambio de escenario nas foliadas galegas. A xota aparece en Galicia importada de Castela, polos campesiños que se desprazaban para as segas. Pronto estas danzas adquiriron características propias do folclore galego e terminaron por converterse nunha variante propia. A diferenza máis salientable entre a xota galega e as demais é que non se apoiaban os talóns no chan por mor da humidade dos sitios nos que se bailaba en Galicia (adros de igrexas, campos,...).

O seu nome provén do mozárabe **šáwta = salto que se deriva do latín saltare,=bailar*. Algunhas teorías din que este baile naceu en Valencia e a palabra provén do valenciano antigo, *xotar=bailar*.

A forma de bailar das distintas comarcas é moi variada:

- O **maneo** é unha xota máis lenta e con pasos máis complexos, arrastrados e sincopados. É orixinaria da comarca de Bergantiños
- O **fandango** é unha xota de ritmo lento e elegante, con pasos andados, valseados.
- A dos **mariñeiros**: bailase con remos
- O **zapateado** é máis rápido

DANZA GALEGA

O TRAXE TRADICIONAL GALEGO

Os primeiros testemuños gráficos e tamén literarios dun traxe tradicional galego poden remontarse a principios do século XVIII. Este tipo de vestimenta alcanzou o seu maior esplendor no primeiro terzo do século XIX, e a súa desaparición foi a final deste mesmo século. O traxe galego é o máis europeo de España, e ten paralelos, quizais ancestrais nas costas de Normandía, Escocia e Irlanda.

O traxe, ao longo da xeografía de Galicia, está formado sempre polas mesmas pezas, aínda que non é uniforme e presenta moitas variedades comarcais, especialmente entre a costa e a parte montañosa, aínda que ten unha certa unidade.

Hai traxes de festa, máis luxosos, que hoxe son os máis conservados, e os de traballo, máis sobrios e máis usados, por iso foi máis difícil a súa conservación ao longo do tempo.

As materias primas das teas máis usadas foron o liño e a la, aínda que tamén se utilizou o coiro, a seda, a palla e o xunco. Os escritores romanos xa falaban dos tecidos de liño galego nos seus escritos, e na Idade Media son moi abundantes as súas referencias literarias. O uso da la é moi antiga, xa que nos castros encontráronse elementos que proban o seu emprego.

Na actualidade o traxe tradicional é utilizado polos grupos folclóricos de gaiteiros e de danzas tradicionais galegas.

O TRAXE DA MULLER

A roupa interior era a **camisa**, unha peza longa usada de día e de noite, é dicir coma camisa e coma camisón.

A **enagua** era unha saia especial de tea branca xeralmente, adornada con encaixes e puntillas de cinta de cor, que indicaban o estado da portadora: vermella para as solteiras, branca para as casadas, negra para as viúvas. Na cintura estaba suxeita cunha cinta.

DANZA GALEGA

As **medias** eran de liño ou la, tamén podían ser de algodón ou seda. As máis estimadas eran as caladas e de cor azul, que se usaban nas romarías.

Os **pololos** ou **calzas** eran brancos, desde a cintura ata debaixo dos xeonllos.

Por riba da camisa púñase o **xustillo**, que era unha especie de axustador que cubría dende os ombros ata a cintura. Cerrábase cun cordón cruzado en diagonal.

As mulleres usaban **refaixos** e **saías**, polo xeral de cor vermella ou amarela. O refaixo é unha prenda interior de abrigo levada por riba da camisa, da enagua ou por riba do viso. Tamén se podía usar como prenda exterior, e neste caso falamos de saia.



Para levar os cartos utilizábanse a **faltriqueira**, un saquiño ou peto, moi sinxelo, cunha abertura, que se agachaba baixo o mandil ou mantelo.

A peza esencial do traxe era o **mantelo**, amplo mandil, ou saia aberta por detrás en forma de capa. Era unha peza de luxo, que podía ser de pano negro ou de galas, e cubría as saias e o refaixo.

O **dengue**, peza tipicamente galega, é a capa que cobre as costas ata a cintura e que se prolonga por diante, cruzada sobre o peito, para abrochase por detrás con broche de prata ou metal. Tamén era

DANZA GALEGA

unha peza de gala.

A **cofia**, que podía ser de liño moi fino, muselina, tule ou encaixe, cubría a cabeza, e recollía o pelo, tamén era de gala.

Outra peza moi usada era o **pano** atado á cabeza (feito en liño, algodón, la ou seda) con debuxos florais, e negro ou de loito. As mozas tamén puñan esta prenda no pescozo (usado en lugar do antigo dengue como peza de abrigo).

As mozas como calzado usaban **zapato baixo**, tamén **botas de cana** de pano ou pel, e as **zocas de madeira** dunha soa peza eran o calzado de traballo.


Usábanse pendentes, era moi común un adorno colgante sobre o peito chamado sapo, colares de prata, cristais, tamén cruces e medallas. Tamén se utilizou o sombreiro de diferentes materiais.

TRAXE DE HOME

A primeira peza de roupa interior era a **camisa**, xeralmente de lenzo caseiro de la. A de gala tiña é de diferente tea, con bordados e adornos.

O **calzón interior, calza ou cirolas**, era branco e a súa parte da abaixo quedaba á vista.

O **pantalón** ía dende a cintura ata un pouco máis abaixo dos xeonllos, levaba unha apertura lateral no interior da perna pola que se mostraba o calzón interior. A tea xeralmente era de pano.



DANZA GALEGA

As pernas estaban cubertas con **medias** de la ou de liño, usábanse todo o ano, soas ou por debaixo das **polainas**, que eran unha especie de calzas, para abrigo, e que chegaban dende os xeonllos ós pes, xeralmente de cor negra.

O **chaleco** era de tecido, case sempre amarelo ou vermello, pode levar colo, e adoita ter botóns de prata. A parte traseira, de liño, adornada con debuxos xeométricos, de flores, ou con recortes de veludo.

A **chaqueta do traxe**, era curta e entallada, non pasaba da cintura, confeccionada xeralmente de pano verde, azul, castaño, amarelo, tiña mangas estreitas e curtas e dous petos horizontais.

A **faixa** rodeaba á cintura por riba do calzón, larga e remataba en flocos, da dúas voltas arredor, podía ser de distintas cores e ás veces con bordados.

A **monteira** era a peza da cabeza máis común e o seu material era de la ou veludo, de cor castaña, verde ou negra.

A **capa** era longa, xeralmente negra, castaña ou azul, e forrada coas bandas, e levaba broches de varios metais, coma ouro, prata ou outros.

O calzado masculino consistía nunhas **zocas de madeira** e uns **zocos de coiro** e piso de madeira. Tamén se usaban **botas** ou **zapatóns** de pel de xato, e con traxe de festa, zapato baixo.

DANZA GALEGA

INSTRUMENTOS

DE VENTO

- A **gaita** é o instrumento máis representativo da música popular galega. Esta consta das seguintes partes: o fol, o soprete, o punteiro, o ronco e os farrapos.
- A **requinta** é parecida ao piccolo e ten seis furados.
- O **pito** ten forma cónica e sete furados na parte dianteira e un na posterior e tócase de maneira semellante ao punteiro da gaita.
- A **ocarina**
- Nas composicións modernas podemos atopar o **clarinetes** e o **acordeóns**.

DE PERCUSIÓN

- O **tamboril** pendura do cinto e tócase con dous paus sobre un parche de coiro.
- O **bombo** é de grande tamaño e tócase cunha maza.
- O **pandeiro** (semellante ao adufe portugués) é cadrado, ten dúas caras e no seu interior colócanse os axóuxeres que acompañan o son do parche.
- A **pandeireta** é un instrumento tradicionalmente feminino. Consiste nun aro de madeira revestido de pel. Polos lados colgan as ferreñas
- **As tarrañolas**, que son dúas lamelas de madeira.
- Dúas **cunchas de vieira**
- O **charrasco** consiste nun mango longo de madeira en cuxo extremo superior van unhas ferreñas; o mango golpéase contra o chan e con outro pau.

DE CORDA

Non existe tradición de instrumentos de corda a excepción da **zanfona**, que desapareceu a mediados do século XX.

Nas últimas décadas incorpóranse a **guitarra española**, o **buzuqui** e a **mandolina**